



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 7/2018 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE XUÑO DE 2018

#### ASUNTOS

#### I.- PARTE RESOLUTIVA

##### I.1.- ACTA ANTERIOR

##### I.2.- RECLAMACIÓN AO ORZAMENTO XERAL DO ANO 2018

##### I.3.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2018 – 2019)

##### I.4.- REASIGNACIÓN DE FONDOS 1/2018 DO APROVEITAMENTO TIPO DA ÁREA DE REPARTO DO SAU-9 (PORTO DO MOLLE)

#### II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

##### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

##### II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

#### ASISTENTES:

#### Grupos:

#### **Alcalde-Presidente:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

#### **Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez





### Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 28 de xuño de 2018
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinario
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:01
- *Hora de remate:* 21:45
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

### Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

## I.- PARTE RESOLUTIVA

### I.1.- ACTA ANTERIOR

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data:* 31 de maio de 2018.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, intervén:

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Sinala que no punto 1.2, na súa última intervención, onde di "Pide que conste que non estivo na Comisión de Facenda e que aparece na acta da Comisión cunha abstención, polo que debe corrixirse", debe dicir: "Pide que conste que non estivo na Comisión de Facenda e que aparece na acta da Comisión cunha abstención, polo que debe corrixirse". Posteriormente (durante a súa intervención no apartado de Rogos e Preguntas) indicou que esta última petición tamén é extensiva ao punto 1.3; e tamén que no punto de 6.5 do apartado Rogos e Preguntas da mesma sesión de 31 de maio, ao referirse a que aínda non se colocaron placas no camiño do Lavadoiro e tamén a rúa Baiona, agradeceu que por fin que se colocaran na rúa Ferrotes.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 31 de maio de 2018 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

### I.2.- RECLAMACIÓN AO ORZAMENTO XERAL DO ANO 2018





A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2018, informa favorablemente o expediente da **reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018**, coa seguinte proposta da Alcaldía:

*Vista a única reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, formulada por don Enrique David Martín Gay o día 21.05.2018 (registro de entrada número 2018005598) que figura como documento 42, instancia, e 43, texto da reclamación, do expediente administrativo correspondente ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 (código de "Cividas" número 2018000798), na que solicita:*

- a) *Que se recoñeza o dereito dos funcionarios públicos do Concello de Nigrán, e en concreto o de quen subscribe, a percibir o complemento de produtividade ilicitamente suprimido, tanto cara o futuro como ata o límite da prescrición das obrigas da Administración.*
- b) *Que se modifique o orzamento xeral aprobado inicialmente para incluír os créditos legalmente esixibles para o pagamento do complemento de produtividade ilicitamente deixado de percibir, tanto cara o futuro como ata o límite da prescrición das obrigas da Administración, e se fixen os criterios que correspondan para a súa asignación, mediando a negociación colectiva que resulte legalmente esixible.*
- c) *Que os importes globais correspondentes a cada anualidade deixada de percibir que se consignen orzamentariamente aos efectos indicados sexan como mínimo os mesmos que se consignaron na última anualidade na que se pagou aquel complemento, coas actualizacións que correspondan de acordo coas leis de orzamentos xerais do Estado.*

*Visto o establecido no artigo 172 do do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e no artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, en materia de orzamentos (RDO):*

**Artículo 170. Reclamación administrativa: legitimación activa y causas.**

*(...)*

**2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:**

- a) **Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.**
- b) **Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.**
- c) **Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto".**

**Art. 22.**

*(...)*

**2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el Presupuesto:**

- a) **Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites legales.**





**b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la Entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo (artículo 151.2, b), LRHL).**

**c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de éstos respecto a las necesidades para las que estén previstos (artículo 151.2, c), LRHL).**

*Considerando que os únicos motivos de reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, no período de exposición ao público do mesmo, son os expresa e taxativamente indicados nos tres apartados do artigo 170.2 do TRLRFL, así como nos tres apartados do artigo 22.2 do RDO.*

*Considerando que o solicitado nos tres apartados da reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán formulada por don Enrique David Martín Gay, malia o expresamente indicado polo reclamante (“...A presente reclamación encádrase na letra “b” transcrita previamente, ao considerar quen subscribe que o Concello omitiu o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal, ao ter omitido o crédito necesario para o pagamento do complemento de produtividade ao que teñen dereito os funcionarios en xeral, e quen subscribe en particular, tanto para o ano en curso como para as anualidades ilicitamente deixadas de percibir...”), non ten amparo nen está comprendido no suposto do artigo 170.2.b) do TRLRFL, nen no suposto do artigo 22.2.b) do RDO, ao non omitir o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, en relación á produtividade, **“el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la Entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo”**; nen tampuco estaría comprendido o solicitado na reclamación (malia non indicalo a mesma) en nengún dos outros dous apartados dos dous artigos citados, xa que, de conformidade co indicado polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán nun informe do día 13.06.2018 (Rfª.- T 89/18) que figura como documento 45 do expediente administrativo referido ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018:*

- A produtividade non constitúe un dereito garantido a priori a nengún funcionario público, senón que é unha mera expectativa que poderá verse ou non realizada, sen que exista “un dereito subxectivo a percibir un complemento de produtividade” (como indica o reclamante).*
- De conformidade co establecido no artigo 5º do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, RDR (BOE número 106, do 03.05.1986), a produtividade é un concepto retributivo de carácter eminentemente “motivador” encamiñado esencialmente a compensar o esforzo persoal dalgún funcionario; vinculado a obxectivos que deben fixarse previamente e a resultados efectivamente obtidos; polo que a acreditación da produtividade e a súa contificación débese efectuar en función de circunstancias obxectivas directamente relacionadas co desempeño dun posto de traballo e cos obxectivos previamente asignados ao mesmo, sen que a súa asignación sexa “consolidable” nen orixine nengún dereito adquirido.*
- Non consta documentalmente acreditado que o Concello de Nigrán establecera os obxectivos asignados a cada posto de traballo de funcionarios do Concello, nen*





*constan documentalmente acreditados os resultados efectivamente obtidos por cada funcionario.*

- *Non consta documentalmente acreditado na contabilidade municipal que o Concello de Nigrán teña pendente de pago a nengún dos seus funcionarios nengunha contía en concepto de produtividade, xa que todas as obrigas recoñecidas en concepto de produtividade desde o ano 2010 ao ano 2016 foron pagadas integramente, e non existe nengunha obriga recoñecida en concepto de produtividade nos anos 2017 e 2018.*
- *Non está (nen, legalmente, podería estar) contificado nengún importe (improcedentemente) apriorístico para nengún funcionario do Concello de Nigrán en concepto de produtividade do ano 2018 (nen de anteriores) o que desnaturalizaría a esencia e a finalidade dese concepto retributivo, xa que a produtividade non pode ser periódica no tempo, fixa na súa contía, nen xeral para todos os funcionarios; produtividade que (no seu caso) poderíase conceder puntualmente a algún funcionario non polas funcións que realiza senon (no seu caso e aplicando os criterios a establecer polo Pleno do Concello) por cómo levou a cabo as funcións, e sempre que concorra e quede obxectiva e documentalmente acreditado **“el especial rendimiento, la actividad extraordinaria y el interés e e iniciativa con que el funcionario desempeña su trabajo”** e que sexa motivadamente apreciada **“En función de circunstancias objetivas relacionadas directamente con el desempeño del puesto de trabajo y objetivos asignados al mismo”**, de conformidade co establecido no artigo 5º do RDR; e sempre (tamén) que previamente o Pleno asignará a cantidade global destinada a produtividade, que establecera previamente os criterios de distribución, e que o Alcalde acordara obxectiva e motivadamente asignar e contificar puntualmente produtividade a algún funcionario, de conformidade co establecido no artigo 5º do RDR (e cumprindo o establecido no artigo 7º do RDR).*
- *O importe asignado en concepto de produtividade no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 non supera o importe correspondente á porcentaxe máxima indicada no artigo 7º.2.b) do RDR, porcentaxe máxima que legalmente non é preceptivo asignar ao establecer o artigo citado: **“Hasta un máximo del 30 por 100 para complemento de productividad”**; e que está en función das outras porcentaxes (referidas a complemento específico e a gratificacións) e da cantidade que resulte da aplicación do establecido no artigo 7º do RDR.*
- *Non queda documentalmente acreditado que o Concello de Nigrán omitira no orzamento xeral do ano 2018 o **“Crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles (referidas a productividad) a la Entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo”**; debéndose ter especialmente en conta a diferenza entre nacemento das obrigas e a súa esixibilidade; así, tanto polo establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, LXO (BOE número 284, do 27.11.2003), como por aplicación directa do dereito xeral de obrigacións e do establecido no artigo 1.089 do Código Civil, do 24 de xullo de 1889, CC (Gaceta de Madrid números 206 ao 208, de 25, 26 e 27 de xuño de 1889), as obrigacións das facendas locais nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos feitos*







*ou actos que, conforme a dereito, xeneren aquelas; e o nacemento dunha obrigaón para as facendas locais non conleva a súa esixibilidade xa que para que sexan esixibles e poida proceder o seu pago debe existir previamente crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente (sen prexuízo do cumprimento da lexislación aplicable a cada gasto); debendo existir, tamén previamente, un acto administrativo que declare expresamente a esixibilidade, de conformidade co establecido no artigo 58 do RDO; e que nengunha obrigaón será esixible se antes non naceu, como é o caso das productividades xenéricas indicadas na única reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, polo que a mesma non ten amparo no motivo de reclamación establecido no artigo 170.2.b) do TRLRFL (como expresa, e improcedentemente, indica o reclamante).*

*Polo indicado, esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Inadmitir a reclamación ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 formulada por don Enrique David Martín Gay (registro de entrada número 2018005598) por non estar comprendido o solicitado nos tres apartados da reclamación, (malia o expresamente indicado polo reclamante) no suposto do artigo 170.2.b) do TRLRFL, nen no suposto do artigo 22.2.b) do RDO; e por non estar, tampouco, comprendido o solicitado en nengún dos outros dous apartados dos dous artigos citados; quedando, en consecuencia, aprobado definitivamente o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 23.04.2018.*

**Segundo.-** *Notificar este acordo a don Enrique David Martín Gay, indicándolle que contra a aprobación definitiva do orzamento xeral poderase interpor directamente (polos terceiros debidamente lexitimados) recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdicción; non suspendendo por si só a citada interposición a aplicación do orzamento xeral definitivamente aprobado polo Pleno do Concello (artigos 171 do TRLRFL e 23 do RDO).*

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* A reclamación debe inadmitirse segundo o criterio dos servizos económicos. A cuestión xerou un debate orientado a valorar se no futuro se dotará partida para este fin. Dálle lectura á parte dispositiva da proposta ditaminada.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Absteranse.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Absteranse. É unha cuestión que haberá que analizar no futuro.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Votará a favor da proposta, sen entrar no fondo da cuestión.





*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* A cuestión é se se debe dotar ou non esa partida. O asunto é discutible. O que pide é que o Pleno fixe os criterios obxectivos de reparto, previa a correspondente negociación, na que lles gustaría participar.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 9; PP, Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2018 – 2019)**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2018, informa favorablemente o expediente das **bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar (curso 2018 - 2019)**, coa seguinte proposta da Alcaldía:

#### **APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2018-2019)**

##### **Expte. 2018/006**

*Dende o Concello preténdese apoiar ás familias do termino municipal, considerando que unha das fórmulas para elo é contribuir para facilitar a adquisición dos libros de texto e/ou material escolar para os fillos matriculados nos cursos de ensino infantil nos centros públicos do municipio.*

*Xa que logo, vista a proposta dos Servizos Sociais municipais, de conformidade co previsto no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Socias da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 90/18, de data 14/06/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.





**SEGUNDO.-** Aprobar as bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar (curso 2018-2019), co texto que se insire a continuación:

**"BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2018-2019)**

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas ou subvencións para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar no curso escolar 2018-2019, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

**1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA**

O Concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Socias da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, procede a ditar as bases necesarias para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto para o curso 2018-2019.

**2. OBXECTO DAS AXUDAS**

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas ou subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos de educación infantil coa finalidade de adquirir libros de texto e/ou material escolar necesarios para o curso 2018-2019.

**3. BENEFICIARIOS**

Poderán ser beneficiarias das axudas aquelas unidades familiares que estean empadroadas no concello de Nigrán, residan neste termo municipal de xeito efectivo, e teñan fillos matriculados en centros públicos do municipio que cursen educación infantil no curso 2018-2019.

En calquera caso estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade.

**4. REQUISITOS**

1. Para poder optar ás axudas é requisito indispensable que os ingresos económicos da unidade familiar se axusten ao seguinte baremo, tendo en conta os ingresos da unidade familiar no ano 2017.

Nº de membros da unidade familiar	Ingresos brutos anuais
-----------------------------------	------------------------







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Familias de 2 membros	17.210,88 €
Familias de 3 membros	21.513,60 €
Familias de 4 membros	25.816,32 €
Familias de 5 membros	32.270,40 €
Familias de 6 membros	39.262,32 €
Familias de 7 membros	45.716,40 €
Familias de 8 membros	52.170,48 €
Familias de 9 ou mais membros	58.624,56 €

*Aos efectos anteriores, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos solteiros do solicitante menores de 25 anos que conviven no domicilio familiar ata a data de aprobación das presentes bases.*

*Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2017.*

*No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores inclúranse dentro do cómputo da renda familiar.*

*2. A efectos do cómputo de ingresos teranse en conta os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais.*

*Computarán por dous cada un dos membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez*

*3. No caso de familias numerosas computaráselle un membro a maiores dos existentes na unidade familiar.*

*4. Dos ingresos brutos medios mensuais descontarase os gastos de alugueiro e hipoteca da vivenda habitual ata un máximo de 300 €/mes*

*5. Os solicitantes non poderán ter débedas contraídas co Concello.*

*6. Os solicitantes non poderán ser beneficiarios doutras axudas, subvencións ou ingresos que teñan a mesma finalidade.*

### **5. GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DAS AXUDAS**

*As axudas deberán adicarse á adquisición de libros de texto e/ou material escolar necesarios para os beneficiarios descritos no apartado correspondente. A contía da axuda será a do custo dos libros/e ou material escolar, cun importe máximo de 65 € por cada neno matriculado en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2018-2019.*





## 6. ORZAMENTO

*A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 5.000 euros, con cargo á partida 231.2269907 do Orzamento prorrogado do ano 2017.*

## 7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

*1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do rexistro xeral municipal ou por calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*

*2. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles dende o día seguinte á publicación destas bases de conformidade co establecido na LXS*

*3. Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta no modelo normalizado incluído como **Anexo I** das presentes bases*

*A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.*

*4. Coa solicitude achegarase a documentación que se sinala:*

*a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella*

*b) Fotocopia do libro de familia completo*

*c) Fotocopia do IRPF do 2017 ou no seu defecto certificado negativo expedido pola Axencia Tributaria.*

*d) Fotocopia do título de familia numerosa*

*e) Fotocopia do certificado do grao de discapacidade*

*f) No caso de separación ou divorcio , copia da sentenza ou convenio regulador*

*g) De ser o caso, recibo e contrato de aluguer, ou recibo da hipoteca da vivenda habitual*

## 8. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

*1. A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva, coa advertencia de que, de non facelo, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución oportuna.*

*2. As axudas adxudicaranse a aquelas unidades familiares que acrediten reunir os requisitos establecidos no aptdo. 4º das presentes bases, cos límites de importe establecidos, ata o esgotamento da partida orzamentaria adicada a esta finalidade.*





*Se o número de solicitudes supera no seu importe total o da partida orzamentaria, darase prioridade ás solicitudes con menor nivel de renda. Os empates resolveranse a favor de quen primeiro presentase a solicitude.*

## **9. PAGO DA AXUDA**

*1. O importe da axuda será o do custo dos libros/e ou material escolar, cun máximo de 65€ por cada neno matriculado en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2018-2019.*

*2. Con carácter xeral, o pago da axuda realizarase mediante a entrega ao beneficiario dun vale por importe de 65€ por cada alumno. O vale poderá canxearse por libros de texto/e ou material escolar en calquera das librerías participantes no programa ou nos centros escolares, no caso de que sexan estes os que subministren os libros/e ou material escolar aos alumnos.*

*3. As librerías que participen no programa deberán achegar ao Concello o conxunto dos vales recibidos, xuntando facturas correspondentes aos libros realmente adquiridos polos beneficiarios con cargo a cada un deses vales.*

*A tal efecto, as facturas que se acheguen cumprirán os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, ou outros xustificantes ou documentos con valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa.*

*Igualmente, as facturas deberán estar desglosadas de xeito que podan identificarse os libros de texto/e ou material escolar adquiridos e os seus respectivos importes.*

*4. Cando os beneficiarios adquirisen os libros/e ou material escolar directamente nos centros escolares, os ditos centros presentarán os vales entregados polos beneficiarios, así como un xustificante debidamente asinado onde se recollerá a identificación do/a pai/nai/titor, o alumno/a, os importes e os conceptos debidamente desglosados.*

*5. A documentación xustificativa deberá presentarse nos dous meses posteriores á entrega dos vales aos beneficiarios, no rexistro xeral municipal ou a través de calquera outra das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

## **10. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR**

*A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro ao Concello das axudas aboadas.*

## **11. VIXENCIA**

*As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2018, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.*





**ANEXO I**

**AXUDAS PARA COMPRA DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR –  
CONCELLO DE NIGRÁN**

**CURSO 2018-2019**

<i>DNI</i>	<i>Nome e apelidos</i>			<i>Teléfono</i>	
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS</b>					
<i>Nome da rúa, praza, etc</i>			<i>Número</i>	<i>Piso</i>	<i>Porta</i>
<i>Parroquia</i>	<i>Municipio</i>	<i>Provincia</i>	<i>Correo electrónico</i>		

**DIGO:**

1. Que declaro baixo a miña responsabilidade que reúno os requisitos recollidos nas bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto (curso 2018-2019).

2. Que teño a intención de solicitar a axuda mencionada para os seguintes alumnos:

**ALUMNO/A Nº 1**

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Relación co solicitante</i>
<i>Centro escolar para o curso 2018-2019</i>		<i>Curso académico</i>

**ALUMNO/A Nº 2**

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Relación co solicitante</i>
<i>Centro escolar para o curso 2018-2019</i>		<i>Curso académico</i>



**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

--	--

**ALUMNO/A Nº 3**

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Relación co solicitante</i>
<i>Centro escolar para o curso 2018-2019</i>		<i>Curso académico</i>

**ALUMNO/A Nº 4**

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Relación co solicitante</i>
<i>Centro escolar para o curso 2018-2019</i>		<i>Curso académico</i>

3. Que, de conformidade coas bases mencionadas, declaro que a composición da unidade familiar é a seguinte:

<b>COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS</b> (Non incluír aos nenos/as para os/as que se solicita axuda)				
<i>Nome e apelidos</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Parentesc o co solicitante</i>	<i>Concepto ingresos (traballo, pensión, RISGA, desemprego...)</i>	<i>Sinatura</i>

4. Que para que se poda tramitar a solicitude de axudas, achego a seguinte documentación:







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella*
- Fotocopia do libro de familia completo*
- Fotocopia do IRPF do 2017 ou, no seu defecto, certificado negativo expedido pola Axencia Tributaria.*
- Fotocopia do título de familia numerosa*
- Fotocopia do grao de discapacidade*
- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza ou convenio regulador*
- De ser o caso, recibo e contrato de aluguer, ou recibo da hipoteca*

5. *Que autorizo ao Concello de Nigrán a obter doutras Administracións e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

- Si*
- Non*

Visto canto antecede, **SOLICITO** que se me conceda a axuda para compra de libros de texto (curso 2018-2019) para os alumnos indicados no apartado correspondente.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Sinatura \_\_\_\_\_”

**TERCEIRO.-** *Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.*

**CUARTO.-** *Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen dítarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.*

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Resume os puntos relevantes das bases. A educación infantil é a que non recibe axudas doutras Administracións, por iso o Concello aborda esta iniciativa. Afecta a libros e a material escolar. Hai unha proposta de Nigrán Decide na Comisión.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* A emenda é moi sinxela. Hai tamén falta destas axudas noutros niveis do ensino. Xa propuxeron no pasado esta ampliación, que afecta ao Bacharelato e Grao Medio e Superior da F.P. Ademais nas solicitudes habería que adaptar o anexo.





*Sr. Alcalde-Presidente:* Están a favor da emenda. Pero non queren que queden sen axudas os de educación infantil. Para evitalo propoñen modificar a emenda no sentido de que as axudas se concedan con cargo ao remanente que quede da convocatoria de educación infantil.

*Sr. Cuevas Raposo:* Están de acordo.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Non apoiarán a proposta por razóns formais, xa que se derivou ao Pleno a modificación da proposta. Así non hai suficientes elementos de xuízo.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Na Comisión Informativa non se tratou a emenda de Nigrán Decide. Hai un compoñente de gasto que agora carece de informe. Na emenda do Alcalde hai unha contradición xa que non se acomoda ao novo orzamento. Pide que quede sobe a mesa e se traia corrixido ao próximo Pleno. Ademais parece que se despreza o informe do Interventor, que debería dar lugar a certas correccións. Ata agora nunca se esgotou o crédito.

*Sr. Alcalde-Presidente:* En xullo non darían os prazos para as de educación infantil.

*Sr. Fernández Comesaña:* Polo menos, deixar pendente o relativo á emenda.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Ao mellor procede corrixir a contía dado que xa se aprobou o orzamento. Pensa que se poderían corrixir certos aspectos de redacción en algúns parágrafos.

*Sr. Cuevas Raposo:* Nos aspectos citados polo BNG a redacción é así conscientemente, porque se pensou en centros de fóra do municipio.

*Sr. García Pazos:* Podería dividirse en dúas partes a cuestión e deixar pendente a da ensinanza superior para a próxima sesión. Así, votarían a favor.

*Sr. Cuevas Raposo:* Acepta presentar a nova proposta de cara ao próximo Pleno.

*Sr. Fernández Comesaña:* Hai cousas que se din no informe da Intervención que deberían terse en conta, pero dada a urxencia non se oporán.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Votará a favor, pero lamenta que non se corrixan certas deficiencias advertidas.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.





Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### I.4.- REASIGNACIÓN DE FONDOS 1/2018 DO APROVEITAMENTO TIPO DA ÁREA DE REPARTO DO SAU-9 (PORTO DO MOLLE)

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 20 de xuño de 2018, informa favorablemente o expediente da **reassignación de fondos 1/2018 do aproveitamento tipo da área de reparto do SAU – 9 (Porto do Molle)**, coa seguinte proposta da Alcaldía:

*Visto o proxecto técnico correspondente á “Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle”, cuxo presuposto de execución por contrata é de 253.009,15 euros.*

*Vista a subvención de 120.000,00 euros concedida pola Xunta de Galicia ao Concello de Nigrán para a “Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle” (rexistro de entrada número 6.732, do día 15.06.2018).*

*Visto o crédito actualmente dispoñible por importe de 280.938,27 euros na aplicación orzamentaria 1845960902 do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2018; crédito destinado ao “Acondicionamento das marxes do río Muiños (8/18-4/17-3/16-1/15-1/14-6/13-2/12-12/10)” que está financiado con parte da “monetarización” do 50 por 100 (do 10 por 100) do aproveitamento tipo da área de reparto indicada no anexo II dun Convenio referido ao desenvolvemento do solo urbanizable no parque empresarial Porto do Molle (SAU 9), do día 24.02.1999 (Convenio aprobado polo Concello Pleno o día 17.03.1999, e parcialmente modificado o día 15.05.2002, e o día 25.02.2009).*

*Tendo en conta que a realización das obras de “Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle” conlevará unha mellora significativa nun dos actuais accesos ao parque empresarial de Porto do Molle (SAU 9).*

*Considerando preciso contar con crédito adecuado, dispoñible e por importe de 133.009,15 euros para o financiamento da aportación municipal ao investimento denominado “Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle”, e sen prexuízo de financiar polo Consorcio da Zona Franca de Vigo (ao abeiro do establecido no Convenio antes citado) as obras citadas na parte non subvencionada pola Xunta de Galicia, esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos.*

**Primeiro.-** *Cambiar parcialmente o destino do seguinte investimento, que figura no estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2018:*

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Destino</b>	<b>Importe (€)</b>
1845960902	Acondicionamento das marxes do río Muiños (8/18-4/17-3/16-1/15-1/14-6/13-2/12-12/10)	133.009,15

Esta copia pode verificarse en sede.nigran.org introduciendo o CSV 7MMB5XC13B82HEL6





**Segundo.-** Asignar novo destino e contía para o seguinte gasto financiado con parte do crédito actualmente dispoñible na aplicación 1845960902 do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2018:

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Destino</b>	<b>Importe (€)</b>
1845360900	Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle (8/18) .....	133.009,15

**Terceiro.-** Variar parcialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 8/18 mediante incorporación de remanentes de crédito por importe de 1.553.132,34 euros, minorando en 133.009,15 euros o crédito incorporado na aplicación 1845960902 "Acondicionamento das marxes do río Muíños (8/18-4/17-3/16-1/15-1/14-6/13-2/12-12/10)" e reasignando ese importe á aplicación 1845360900 "Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle".

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Búscase reutilizar recursos procedentes da baixa na contratación do acondicionamento das marxes do río Muíños. Xa hai un proxecto informado. Presentouse a iniciativa á Xunta e obtívose subvención por importe de 120.000 euros. A ampliación proposta por UCN quedaría para unha segunda fase. Pensa que a obra é moi necesaria e que se debe aproveitar a ocasión.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Votarán a favor. O Pleno acordara a ampliación. A cuestión é se se cumpriu esa determinación. Non confía no proxecto de ampliación, porque pode ir en contra de integridade da obra que agora se quere facer. Tamén corren perigo os 300.000 euros que debe achegar a Zona Franca. A pesar de todo votarán a favor.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Absteranse pola insuficiencia do proxecto. Espera que a subvención non se perda dado o prazo de xustificación.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Pensa que esta era unha oportunidade para mellorar a sección da vía. O que se propón non deixa de ser un avance para o acondicionamento da zona. Non se descartaban no seu día as cesións voluntarias, pero isto esixe unha enorme xestión, sobre todo tendo en conta a natureza rústica deste solo. Agora o que se impón é asegurar a subvención coa dificultade do prazo coa que esta foi concedida.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Apoian a proposta. O estado destes accesos é lamentable e o tráfico que soporta, intenso. Votarán a favor.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A proposta aprobada a instancia de UCN non se podía levar a cabo neste momento por imperativo dos prazos para acollerse á subvención.





**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE, PP, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o .. 16 de maio de 2018 (n.º 201800863) e o 15 de xuño de 2018 (n.º 201801063), ambos incluídos.

### II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

#### 1.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

Cuando se adjudicó a compra de los liquidámbar para plantar en el parque empresarial de Porto do Molle si yo no recuerdo mal la compra era con la garantía de que si había árboles que fallaban en su brote serían repuestos sin coste. ¿Sigue siendo así?

*D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado:* Sí.

#### 2.- D<sup>a</sup>. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular:

Hace unos meses pregunté por la situación de un expediente que en ese momento aún no estaba iniciado, de una señora que se había caído y lesionado en el Centro de la Tercera Edad. ¿Como está el tema? ¿Está iniciado?

*Sr. Alcalde-Presidente:* No sé si está resuelto.

#### 3.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

3.1. Estanse facendo unhas obras para reordenar o tráfico na rúa Caranquexo e para solucionar o problema da contaminación na praia de Prado. Cando se acabarán as obras?







*Sr. Alcalde-Presidente:* Previsiblemente rematarán entre a próxima semana e a seguinte.

3.2. Preguntei no último Pleno polo inventario de camiños e vostede dixo que cría que se podían cumprir os prazos. Cal é o prazo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O prazo o puxera Antonio Fernández Comesaña e creo que era setembro-outubro.

3.3. No pasado Pleno preguntei se se tomara algunha medida en relación a un escrito presentado pola asociación de veciños Dunas de Nigrán, referido á falta de limpeza. Vostede contestou que houbo un informe de inspección e que esa persoa trasladoulle ao inspector que ía a limpala. Esta a día de hoxe limpa esa finca?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Houbo un inconveniente, a persoa propietaria morreu e agora están trasladándollo aos herdeiros.

*Sr. Cuevas Raposo:* Entón retiro a pregunta.

3.4. Preguntei no pasado pleno por unha obra nun camiño, que da á Costa da Barxa. Ten proxecto dita obra?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non me chegaron as preguntas.

*Sr. Cuevas Raposo:* Eu as metín por rexistro o martes. Temos un problema porque moitas delas non creo que as poida contestar, precisamente pola súa falta de respecto aos dereitos democráticos da cidadanía de Nigrán.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Acaba de pasarme o Secretario as preguntas, intentarei contestarlle o mellor posible.

*Sr. Cuevas Raposo:* A pregunta 2 e a pregunta 4 son sobre información que vostede me está negando, vulnerando os dereitos fundamentais da cidadanía de Nigrán, neste caso a través dos representantes. A min non me importa se lle chegaron ou non. Que quede en acta que vostede está vulnerando os dereitos da cidadanía.

Preguntei no pasado pleno por unha obra nun camiño, que da á Costa da Barxa. Ten proxecto dita obra?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non. É votar formigón nunha rúa, que está feito por operarios municipais.

*Sr. Cuevas Raposo:* Estiven vendo a obra, porque os veciños me volveron a chamar e parece que cunha pequena modificación non se afectaba tanto a un veciño. Por que non se fixo esa modificación?

*Sr. Rial Sánchez:* Esa modificación no momento que chova se valorará se é necesaria ou non. De momento aparentemente non é necesaria. É unha discrepancia co propietario que linda.





3.5. En numerosas ocasións preguntei por un valo publicitario situado en Prado. No último pleno o Sr García Moreira, concelleiro de Urbanismo, contestoume que “se Iniciou o expediente de restitución da legalidade urbanística, comunicóuselle tamén ao titular da estrada a existencia dese valo, deuse tramite de audiencia ao que se identificou como titular dese valo publicitario e agora continua o seu tramite ordinario.” O día 14 de xuño de 2018 solicitei diversa información sobre este expediente que non se me facilitou. O prazo é de 5 días. En base ao anteriormente exposto formulo as seguintes preguntas:

Cando se iniciou dito expediente para a restitución da legalidade urbanística?

En que data e con que número de rexistro de saída se lle deu trámite de audiencia ao que se identificou como titular dese valo publicitario?

Cando se me pensa facilitar dito expediente?

Cando se me pensan facilitar os informes realizados polos Servizos do Concello con relación a dito valo publicitario?

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Tan pronto como poidamos contestarase por escrito.

3.6. O mércores 20 chamei á Policía local denunciando unha obra presuntamente ilegal de colocación duns valos publicitarios en Panxón, acudindo a policía local ao lugar. Nese momento so estaban apiladas unha serie de estruturas metálicas no lugar. O xoves 21 sobre as 12 da mañá personouse no mesmo lugar a Policía local, estando os operarios cimentando ditas columnas. Ese mesmo día eu lle informei verbalmente a vostede e ao concelleiro de urbanismo da existencia desa obra. Tamén lle enviei unha fotografía da obra, na que se pode ver o vehículo da Policía local.

O luns 25 de xuño xa estaban instalados tres valos publicitarios nese lugar.

Ten a preceptiva licencia esa obra de instalación de valos publicitarios?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non.

*Sr. Cuevas Raposo:* Asinouse algún decreto para a paralización de dita actividade?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si. Enviouse a APLU. Foi á Xunta de Goberno e tanto ao propietario do terreo, Tranvías Eléctricos de Vigo, coma a APLU envióuselle a preceptiva denuncia. O que pasa é que a xente é rápida e non da tempo a actuar.

3.7. O 18 de xuño solicitei tamén por escrito, e non se me facilitou, copia do certificado da empresa instaladora das instalacións contra incendios do pavillón de deportes de Panxón, copia da entrega ante Industria dese certificado da empresa instaladora, copia do certificado da inspección realizado polo organismo de control autorizado, das instalacións eléctricas en baixa tensión do pavillón de deportes de Panxón. Igualmente da instalación térmica e da instalación de gas. Non se me facilitou dita información. As preguntas eran basicamente: que día se presentaron estas certificacións ante o órgano





competente de Industria?; quen acredita que as instalacións do pavillón de deportes de Panxón son seguras?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Son máis seguras que fai dous anos. É un expediente que está en tramitación.

*Sr. Cuevas Raposo:* Aproveito para comunicarlle que as mangueriras contra incendios non teñen a presión suficiente, que na certificación número 12, que foi anulada, non se certificaron o número de interruptores diferenciais que había no proxecto, non se certificou as tramitacións e as licencias relativas á baixa tensión, non se certificou a instalación de gas. A min preocúpame, porque nunca pasa nada ata que pasa.

#### 4.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

4.1. Cando foi no punto da aprobación da acta anterior fixen so un matiz naquel tema ortográfico, pero non fixen referencia a que no punto seguinte, punto I.3, non dixen que se me incluíra na acta da Comisión de Facenda e non asistira, e dábase a mesma situación.

Na intervención miña non se especifica que é rogo nos puntos pero en todo caso, no punto 6.5, no rogo, empezaba dicindo que en primeiro lugar quería agradecer a colocación de placas no Camiño de Ferrotes en Priegue, que sen tempo non era, pero tamén recordar que aínda faltaba no camiño do Lavadoiro. Esa parte primeira non consta.

4.2. Se activen as xestións para poder cumprir os acordos asinados o pasado mes de abril no marco da aprobación dos orzamentos de 2018 e nos prazos establecidos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Agora que está aprobado o orzamento vamos a por a máquina a funcionar.

*Sr. Fernández Comesaña:* Fágoo á Concellalía de Facenda, porque moitas cousas acordadas son da súa competencia, sobre todo a contratación de auditorías.

4.3. Recentemente publicouse en prensa que se había solicitado á Xunta para autorizar á empresa ATSA a parar na Gran Vía á altura de POVISA. En que situación se atopa e que xestións fixo ante o Concello de Vigo e Vitrasa? Dispón dalgunha autorización en firme e por escrito de que a citada parada é factible na ubicación prevista e que non afecta ao tráfico urbano de Vigo, nin prexudica á concesionaria Vitrasa? Existe contestación da Xunta, a pesar de que lle recriminaron publicamente que non asista ás reunións da comisión de seguimento do transporte metropolitano, e que é no seo da comisión onde deben formular a proposta? Que razóns pode alegar para non asistir vostede nin tampouco ningún concelleiro con dedicación exclusiva?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non hai resposta da Xunta de Galicia. A única resposta é pola prensa dicindo; que como non puidemos ir a unha reunión nos din que non, como se fose unha pataleta. Á seguinte reunión foi a Tenente de Alcalde en representación do Concello. Esperamos asistir á que poidamos. Non hai resposta tampouco do Concello de Vigo.





*Sr. Fernández Comesaña:* Non estaría de máis que na próxima reunión se formule de maneira formal.

4.4. Sr Alcalde ou Concelleira de Facenda: No pasado Pleno informoume que aínda non estaba confeccionada a liquidación do orzamento de 2017, a pesar de comprometerse por escrito a tela antes do día 15 de maio deste ano. A día de hoxe pode anunciarnos que xa ten pechado o exercicio, aínda superando con creces o prazo legalmente establecido no artigo 191.3 da Lei de Facendas Locais 2/2004, do 5 de marzo, que fixa como prazo máximo antes do 1º de marzo? De non ser así, que problemas existen e cal é a verdadeira razón deste grave incumprimento na rendición de contas? Pensa adoptar algunha medida ao respecto? Se unha das razóns puidera estar no cambio do programa de contabilidade realizado o pasado ano? De ser así, de quen é a responsabilidade; tal vez da empresa adjudicataria por unha deficiente migración dos ficheiros, ou do equipo técnico que a propuxo? En calquera caso, pensa esixir responsabilidades?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Moi ao meu pesar teño que dicirle que non está e teño que dicirle que os responsables finais son o goberno e eu como Alcalde.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Vostede é o responsable, pero tamén está na súa obriga de esixir o cumprimento dos demais responsables nas súas funcións. Pero cal é o verdadeiro problema que existe neste momento para que non se poida ter a liquidación? Falta de medios persoais? Cuestións técnicas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Un departamento saturado con moitísimo traballo, que priorizan e que reciben moitas peticións.

*Sr. Fernández Comesaña:* Está na súa man en buscar a solución. Aquí existen prexuízos graves, ao mellor hai que priorizar, e ao mellor nos perdemos en cousas máis banais. Non sei quen fixa as prioridades para dar cumprimento ás obrigacións que establece a lei. Hai que buscar solucións alternativas. En urbanismo contratou un técnico externo, na Policía Local a xestión de multas a externalizou nunha empresa privada. Aquí igual hai que buscar unha fórmula externa para resolver o problema. O que non se pode é seguir así un ano tras outro.

4.5. En relación co proxecto de humanización Camiño Vello, pode confirmarme se xa foi solicitada a subvención prevista para a financiamento das obras á Deputación? De ser así, supoño que aínda non haberá resolución, pero confía en que esta sexa favorable? Quizais non cre que sería conveniente axilizar o expediente e convocar aos veciños para asinar a cesión dos terreos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non sei se vai ser favorable ou non. Está o delineante facendo os papeis para a cesión de todos os propietarios. Espero que os teña xa.

4.6. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, pódenos facer unha valoración de como se desenvolveu o operativo montado nas fogueiras de San Xoán, os seus resultados, así como a avaliación dos posibles danos, de existir, ao ecosistema dunar, así como tamén nos areas de Panxón e Praia América e a que hora finalizaron os traballos de limpeza; e se é posible, ter unha cuantificación económica de gastos?





*Sr. Alcalde-Presidente:* A valoración das fogueiras en canto a persoas que asistiron foi positiva, en canto á xeración económica para Panxón e o entorno e para todas as empresas que están alí, para taxistas tamén foi moi positiva. O retorno para Nigrán cremos que é importante, á parte de ser unha festa tradicional que temos que apoiar. Ten os seus inconvenientes cando ven moita xente moitos residuos, case 40 toneladas de residuos. O sistema dunar non sufriu ningún tipo de problema, valouse e iluminouse. A Xunta de Galicia e o SEPRONA puxeron persoal específico para controlar as dunas. É posible que alguén entrara na duna, pero non se detectou ningún problema. En canto á praia encheuse de broza como todas as prazas onde se celebra San Xoán, pero o servizo de limpeza e o servizo de seguridade, que foi moi reforzado este ano actuaron con moitísima celeridade. A praia de Panxón ás 9 da mañá estaba completamente limpa. Quedaba toda Praia América. Deberon rematar sobre a unha ou unha e media da tarde. Quedaron pendentes de explanar a zona de Lourido, porque empezou a chegar tanta xente á praia que foi imposible traballar. Os gastos aproximados puideron ser sobre 16.000 euros.

*Sr. Fernández Comesaña:* Unha das queixas da xente que chegaba á praia era que non estaba en condicións óptimas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O periódico *El País* puña todas as imaxes das praias que sufriron as fogueiras de San Xoán. Saían Málaga, a Barceloneta, Coruña e todas puña o estado lamentable das praias e se pinchabas aí, puña praia de Panxón-Nigrán, case limpa á media mañá. Hai que buscar fórmulas para que non se desmadre máis o tema das fochancas da praia e enchelas de lixo. Algunhas ideas ten o concelleiro de medio ambiente e se o ano que ven estamos nós gobernando por San Xoán as levaremos a cabo.

#### 5.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

5.1. Ultimamente estase popularizando bastante o do camiño portugués pola costa e nótase un incremento de viaxeiros. Por iso rogo que poñades unha sinalización do albergue na Avenida de Portugal na saída despois de cruzar a ponte, porque van pola estrada xeral e moitos peregrinos preguntan onde está o albergue.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nós tiñamos un proxecto de sinalización que nolo fixo Valmiemprega, pero hoxe chamaron da empresa que vai facer os traballos da Xunta de Galicia, que en 15 días empezan a sinalización do camiño e incluso os pequenos arranxos no camiño.

5.2. Con respecto ao macrobotellón de San Xoán anunciouse os 100 efectivos e todo o dispositivo, que non dubido que fose efectivo para moitas cuestións, pero para evitar a invasión das dunas, non, porque isto produciuse porque había xente dentro, que a vin eu. Ten pensado algo máis efectivo para que non se produza a invasión do ecosistema dunar? Algúns destes innumerables efectivos que parece que cada ano son máis, poderán adicarse de forma máis eficiente a evitar a que se produza a invasión?

*Sr. García Moreira:* Este ano houbo incluso requirimentos do propio persoal que estaba na praia, por outra xente que estaba entrando nas dunas. A Policía Local







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

desprazouse alí de xeito inmediato para intentar controlar eses accesos. Con tanta xente ao mellor estás controlando un acceso a unha duna en concreto e xa che desmontaron outra valla noutro lado. O que si me chamou a atención era que me comentaba xente a rapidez de resposta da propia Policía Local ante chamadas de que hai xente enriba dunha duna. Os efectivos estaban máis despregados, máis extensos, que outros anos que non estaban tan concentrados. Tamén hai que ter en conta o número de xente que asistiu.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Eu teño en conta a xente que asistiu, pero hai algo no que me fixei, que é que o concelleiro de medio ambiente xa ten ideas. Me parece moi ben, me gustaría coñecelas, porque si me gustaría saber se hai unha decisión de por coto ao desmán que orixina tamén o macrobotellón de Panxón que nada ten que ver coa celebración tradicional das fogueiras de San Xoán.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Esa imaxe non nos gusta.

5.3. Que repuxeran os postes separadores entre a calzada e a beirarrúa da rúa Areosa, que co paso do tempo xa desapareceron e orixina un problema de que os vehículos estacionan por onde deberían ser as beirarrúas.

5.4. Fai dous meses xa eu preguntara pola situación dun caso de reposición da legalidade urbanística dunha vivenda da rúa Vista ao Mar, que se me contestara por parte do Concelleiro de Urbanismo que estaban pendentes da autorización xudicial para entrar.

*Sr. García Moreira:* A única novidade é que conseguimos identificar aos executores da obra deste último toldo, que iso ata agora era máis complicado. Esta vez, cando estaban executando a obra, a Policía Local conseguiu identificalos. Seguimos pendentes do Xulgado, da autorización xudicial de entrada para poder executar o expediente.

5.5. Que é o que hai montado na Sala de Comisións?

*D<sup>a</sup>. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada:* Es nuestro equipo de mantenimiento informático. Están ubicados provisionalmente allí por falta de espacio en el otro lugar.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez

